

ECONOMÍA

Saldada a débeda cos expropiados de Costa Miño **Páx. 4**

OBRAS

Ampliación da cuberta do campo de Gallamonde **Páx. 5**

CULTURA

Grandes cifras na IV Feira da Cultura EnCaMiño **Páx. 12-13**

ENTREVISTA

Conversa con Juan Tenreiro tras a súa homenaxe **Páx. 23**

O primeiro supermercado de Costa Miño será un Gadis

O Concello escolleu o proxecto de Gadis para ocupar a área comercial de Costa Miño. O establecemento contará con servizo de atención directa

en peixaría, chacinaría e carnicería. A concesión do espazo terá unha duración de 30 anos e a parcela contará cun acceso principal pola avenida

de Xarío e unha saída pola rúa A Madanela. O deseño da edificación busca integrarse coa contorna urbana e desenvolverase en planta baixa

cunha pequena entreplanta. Ademais, os usuarios e usuarias do establecemento contarán cun aparcadoiro dun total de 48 prazas. **Páx. 3**



Recreación das instalacións proxectadas

O novo Servizo de Atención Temperá atende 35 menores

O centro social de Leiro acolle o Servizo de Atención Temperá dirixido a nenos e nenas de 0 a 6 anos con necesidades especiais no seu desenvolvemento, ou en risco de padecerlas, dos municipios de Miño, Pontedeume e Vilarmaior. **Páx. 11**

Solicitud unánime para a construción dun instituto

Todos os grupos da corporación uníronse para asinar unha declaración institucional na que se reclama á Xunta de Galicia a construción dun Instituto de Educación Secundaria no municipio. **Páx. 15**

Resolta unha débeda histórica: Miño salda os pagos cos expropiados de Costa Miño

O Concello destina 1,4 millóns do superávit para este fin e para amortizar débeda

O goberno local levou a pleno unha modificación orzamentaria de 1,4 millóns de euros destinada a cubrir os pagos pendentes aos expropiados de Costa Miño, un feito decisivo para pechar unha das maiores cargas económicas herdadas que tiña que levar ás súas costas o municipio.

Este paso foi posible grazas á boa xestión económica aplicada polo grupo de goberno actual, que permitiu xerar nos últimos anos un remanente de tesourería de 2,4 millóns de euros e un superávit de 1,4 millóns de euros, utilizando para este fin e tamén para realizar unha amortización extraordinaria de parte da débeda bancaria municipal.

Así, a modificación aprobada permitirá aboar 922.725 euros en concepto de prezos xustos e xuros de demora aos expropiados



Reunión no salón de plenos cos propietarios afectados

de Costa Miño. Con este pago quedará practicamente pechada a totalidade da débeda cos afectados, a excepción dunha parcela

Manuel Vázquez Faraldo destacou que "faise xustiza con estas persoas que levan máis de 20 anos agardando"

aínda pendente de resolución por parte do Xulgado

de Expropiación de Galicia.

Manuel Vázquez Faraldo reuniuse cos expropiados para explicarlles os trámites e prazos previstos para facer efectivos os pagos, garantindo transparencia e seguridade xurídica. "Miño pecha unha ferida que levaba demasiados anos aberta, iniciamos unha etapa de estabilidade e facemos xustiza con

estas persoas, que levan máis de 20 anos agardando".

Menos débeda

Tamén se van destinar 486.227 euros á amortización anticipada de parte da débeda que o Concello mantén coas entidades bancarias, o que contribuirá a seguir reducindo a carga financeira futura do municipio.

A MELLORA DA SITUACIÓN ECONÓMICA É UN FEITO

A Conta Xeral do ano 2024, que foi aprobada en sesión plenaria no mes de setembro, continúa a amosar que a boa xestión que está a levar a cabo o goberno local está a dar os seus froitos ano a ano.


Neste exercicio continuaron cumpríndose os dous obxectivos financeiros principais: a redución da débeda e o aumento do

remanente de tesourería.

En canto á débeda, logrou rebaixarse en 400.000 euros, desde os 19,4 millóns ata os 19 millóns de euros.

O remanente de tesourería permite ter marxe para realizar investimentos e ampliar servizos. O 2024 pechouse con 2,4 millóns de euros, case un millón máis que no 2023.

Evolución do remanente de tesourería



Costa Miño contará cun supermercado Gadis cun deseño sustentable integrado na paisaxe



Rúa Cepeira con avenida Xarío



Rúa Madanela con rúa Cepeira

A área comercial ocupará unha superficie de máis de 1.500 m² e 48 prazas de aparcamento

Por fin chegou a tan agardada nova: o Concello adxudicou á cadea de supermercados GADIS a ocupación da área comercial de Costa Miño, un

proxecto que destaca pola súa integración urbana, o seu deseño arquitectónico coidado e unha aposta pola sostibilidade ambiental. O establecemento contará cun servizo de atención directa en peixaría, chacinaría e carnicería.

A parcela contará cun acceso principal pola Avenida de Xarío e unha saída pola rúa

A Madanela. O edificio desenvolverase en planta baixa e unha pequena entreplanta, cunha superficie total construída de máis de 1.500 m². O proxecto inclúe un aparcadoiro con capacidade para 48 prazas.

A actuación contempla ademais o axardinamento dos noiros e retranqueos con especies autóctonas, así

como a substitución das árbores enfermas ou deterioradas nas rúas Camposas e Cepeira.

Manuel Vázquez Faraldo salienta que “este era un servizo moi demandado e necesario debido ao crecemento poboacional e que ademais contribuirá a crear emprego no municipio con preto de 50 postos de traballo directos”.



Cruzamento da rúa As Camposas coa avenida Xarío

Novo prazo para o pago da débeda con Facenda: o ano 2060

Con este acordo o Concello consegue máis estabilidade económica e gaña marxe de actuación

Novo balón de osíxeno para as arcas municipais. O Concello conseguiu unha nova ampliación do prazo para o pago da súa débeda municipal, que se estende agora ata o ano 2060. Esta medida, acordada coa Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos (CDGAE), ten o obxectivo de asegurar unha maior sostibilidade financeira ás entidades locais.

A solicitude do Concello de incorporarse a esta medida foi admitida e, con base nisto, os vencementos correspondentes aos meses de xuño a outubro de 2025 desprazáronse ata o 30 de decembro de 2025, o que permitiu á administración local facer fronte ás súas obrigacións sen demoras financeiras.

Manuel Vázquez Faraldo definiu esta nova como "clave para o futuro de Miño, asegúranos estabilidade"

Esta medida súmase á xa acordada no mes de novembro de 2023, cando o Concello ampliou o prazo de pago da débeda ata o ano 2050, reducindo as súas



Manuel Vázquez Faraldo e a anterior subdelegada do Goberno, María Rivas

cotas anuais ao 50 %.

Manuel Vázquez Faraldo mantivo unha reunión de traballo o pasado mes de xullo coa entón subdelegada do Goberno na Coruña, María Rivas, para abordar os detalles da citada resolución e analizar as implicacións dunha medida que definiu como

"clave para o futuro de Miño". "Permítenos asegurar a nosa estabilidade económica e xestionar os compromisos financeiros con maior flexibilidade, algo vital no día a día do Concello", sinalou o rexedor, que tamén agradeceu "a estreita cooperación do Goberno central con Miño".

'Marmiño', obradoiros de cociña en vivo para poñer en valor a pesca e os produtos do mar mellorando a empregabilidade

A Casa do Pescador acolle, durante o mes de outubro, os obradoiros de cociña en vivo do proxecto 'Marmiño, Miño emprende no mar'. Esta iniciativa está destinada a potenciar a creación de emprego e o emprendemento, incluíndo a diversificación das persoas traballadoras do mar para que adquiran competencias na transformación do produto pesqueiro.

Os obradoiros consistiron en: elaboracións artesanais en conserva, traballo co produto pesqueiro e da horta en fresco, e novas propostas (salgados, patés...). Tamén incorporaron a formación práctica sobre a comercialización e etiquetaxe do produto, control sanitario e tratamento do desperdicio alimentario.



Elaboración do produto pesqueiro



Prácticas na Casa do Pescador



Elaboracións artesanais en conserva

Ampliación da cuberta do campo de fútbol de Gallamonde


Destinaranse uns 80.000 euros para executar a nova infraestrutura a ambos lados da xa existente

Respondida unha das demandas da AD Miño e, sobre todo, do público que acode todas as semanas ao campo municipal de Gallamonde. Tras quedar deserto o primeiro proceso aberto para este proxecto, o Concello destinará agora uns 80.000 euros para financiar a ampliación da cuberta das bancadas desta instalación.

A actuación consiste na execución dunha nova infraestrutura a ambos os lados da existente, garantindo que a tribuna quede resgardada ata o acceso pola zona de entrada. O público poderá permanecer a cuberto desde a súa chegada ao campo ata o asento. Ademais, instalarase un saínte para protexer os espectadores. A intervención tamén inclúe a ampliación do sistema de recollida de augas pluviais, a mellora da iluminación baixo a cuberta e a instalación de asentos.




Vista aérea do campo municipal de Gallamonde



Plano da nova cuberta

Mellora da cuberta do pavillón municipal



Inicio das obras

O Concello emprende unha reforma integral da cuberta do pavillón municipal 'Juan Tenreiro', con problemas históricos de filtracións debido ao seu deseño. O proxecto conta cun orzamento de 107.000 euros e unha subvención da Xunta de Galicia de 60.000 euros. A actuación inclúe a substitución da cuberta actual, tanto da zona xeral como a do acceso á banca. Ademais, renovarase a iluminación por outra tipo LED máis eficiente.

A nova cuberta contará con máis inclinación, eliminaranse os caleiros interiores e tamén se suprimen os montantes das pezas.

Investimento de 347.000 euros para a construción dunha cuberta na pista polideportiva de Vilanova

A mellora da práctica deportiva en todas as parroquias é un dos obxectivos do goberno local. Para iso, é necesario dotar a veciñanza das infraestruturas necesarias para poder desenvolver un estilo de vida saudable. Por iso, o Concello ten previsto construír unha cuberta na pista de Vilanova, unha obra para a que se tramita unha subvención coa Deputación.



Recreación da instalación proxectada

Renovación do enlousado da rúa Real e pavimentación e saneamento en Sombreu

O orzamento total que se destinará para executar ambas as actuacións é de 250.000 euros

Luz verde para dúas actuacións moi necesarias: a mellora do empedrado da rúa Real e a execución da rede de saneamento e pavimentación nun tramo en Sombreu. O orzamento total para estes dous proxectos é de preto de 250.000 euros.

Por unha banda, destinaranse 186.811 euros á obra da rúa Real, vía por onde transcorre o Camiño Inglés, e o seu cruzamento da estrada da praia Grande. Está financiada a través do Plan Único da

Deputación da Coruña.

Pola outra, levarase a cabo a mellora da rede de saneamento, xunto coa posterior pavimentación da vía, nun tramo que atravesa o núcleo de Sombreu con entrada e saída na AC-160. Este proxecto está financiado con fondos municipais a través do remanente de tesourería e suporá un investimento de 60.166 euros.

Manuel Vázquez Faraldo sinalou que "podemos levar a cabo este tipo de actuacións que repercuten na mellora de servizos para a veciñanza grazas á colaboración con outras administracións, pero agora tamén con fondos propios debido a unha xestión económica responsable".



Rúa Real



Vía en Sombreu

Próximas obras de asfaltado

Miño

240.045,73 €

Mellora da Rúa Marismas

Carantoña, Castro, Leiro e Bemantes

44.678,56 €

Currás (Bañobre)
Ansimonde (Bemantes)
Fronte á Igrexa de Carantoña
Coído (Leiro)
Chao do Monte (Carantoña)

Calobre

48.399,52 €

A Brea
Vigo de Arriba
Vigo de Abaixo
Barbeita
Cachufeira
A Graña a DP0906

Bemantes e Sombreu

48.235,94 €

A Torre (Bemantes)
AC-160 a ETAP (Sombreu)
Centro de día a AC-160 (Sombreu)

Sombreu

108.525,71 €

A Torre
Da AC-160 á AC-160
(atravesando Sombreu) e ramal

San Xoán

44.196,36 €

A Viña
Contorna da Igrexa
Buiña
De Couto a Rego de Andel

Perbes

48.387,78 €

Baixada a Fonte da Leira
De Pena de Abaixo a Cruz
En Bollo
Paralelo á vía do tren de Nigrofe a San Xoán

TOTAL

582.469,6 €

Máis seguridade viaria na incorporación á N-651

Tras as reiteradas demandas do Concello nos últimos anos, a Demarcación de Estradas do Estado executou un carril de aceleración para incorporarse á N-651 na saída de Miño dirección Betanzos-A Coruña, unha alternativa moito máis

segura que o Stop que existía anteriormente, no que había pouca visibilidade e facía que a incorporación fose moi perigosa.

Agora, grazas a este cambio, é posible adaptar a velocidade á da vía á que se van incorporar os vehículos.



Carril de incorporación

Actuación na praia de Perbes para mellorar o acceso a pé e eliminar especies invasoras

Destinarase un orzamento de 84.149 euros a este proxecto de mellora paisaxística e medioambiental

A praia de Andahío, en Perbes, é un dos areais máis visitados do municipio, tanto pola veciñanza como por parte das persoas que nos visitan. O goberno local quere continuar

a poñer en valor e protexer este espazo natural e para iso destinará un orzamento de 84.149 euros, financiados cunha subvención da Xunta de Galicia de 60.000 euros, que permitirán financiar un proxecto que, entre outras cousas, mellorará o acceso a pé e eliminará especies invasoras.

Así, actuarase nos accesos norte e sur da praia.

No norte eliminarase unha franxa de asfalto e instalase unha plataforma de madeira que resolverá a

Crearanse espazos integrados na contorna para que as persoas usuarias desfruten do areal de xeito respectuoso

diferenza de cota entre a vía e a area. No sur renovarase o pavimento e instalase

un banco de madeira xunto ao noiro, mellorando tanto a funcionalidade do acceso como a súa calidade estética.

O proxecto prevé ademais a eliminación de especies exóticas invasoras, o cambio das duchas por lavapés para fomentar un uso máis eficiente da auga e a creación de espazos integrados na contorna.



Visita do alcalde para comprobar o avance das obras

Elimínanse as duchas nas praias para racionalizar o consumo de auga



Instaláronse lavapés

Atendendo as recomendacións de ADEAC, que outorga as bandeiras azuis, e para promover un emprego responsable da auga potable, o Concello decidiu eliminar este servizo das praias e instalar lavapés.

Vilanova xa goza de novas beirarrúas e maior seguridade no tramo máis transitado

A veciñanza de San Xoán de Vilanova conta con novas beirarrúas que melloran a seguridade e a mobilidade peonil nun tramo dun quilómetro da estrada DP-4802, un dos máis transitados da zona. A actuación foi executada coa colaboración da Deputación da Coruña e contou cun investimento de 758.132 euros. As antigas beirarrúas foron substituídas por sendas continuas a nivel da calzada, un modelo que garante maior accesibilidade. A intervención completouse coa renovación da capa de rodaxe.



O presidente da Deputación, Valentín G. Formoso, asistiu á inauguración

O asfaltado do vial que une Miño e Perbes, xa en marcha

A actuación, que leva a cabo a Deputación da Coruña, permitirá renovar os primeiros catro quilómetros da estrada DP-4803

A Deputación da Coruña iniciou no mes de outubro os traballos de renovación da vía que une Miño e Perbes, a DP-4803. A actuación, que ten un orzamento de 540.879 euros, permitirá

asfaltar os primeiros catro quilómetros da estrada, que é o acceso principal á Praia Grande.

Manuel Vázquez Faraldo explica que "este proxecto era moi necesario porque é unha estrada moi transitada, sobre todo nos meses de verán nos que recibimos milleiros de visitantes ás nosas praias, e contaba cun firme con múltiples deficiencias debido ao paso do tempo e á climatoloxía, o que facía que

as condicións de circulación de vehículos non fosen as mellores".

O rexedor quixo agradecer novamente á Deputación da Coruña e ao seu presidente, Valentín González Formoso, "a continua e estreita colaboración que mantén con Miño, levando a cabo obras como as beirarrúas de San Xoán de Vilanova". "A cooperación entre institucións é clave para mellorar a vida da veciñanza", afirmou.



Inicio dos traballos en Perbes

Mellora de camiños na Torre (Bemantes) e nos Castros



Resultado dos traballos na Torre

Un investimento total de 160.000 euros serve para renovar camiños nos lugares da Torre e dos Castros, das parroquias de Bemantes e Carantoña, respectivamente.

En Bemantes, as obras, valoradas en 76.424 euros, leváronse a cabo no lugar da Torre, en dous camiños comunicados entre si que teñen unha lonxitude de 954 metros. Esta obra está cofinanciada con fondos europeos xestionados polo AGADER.

O proxecto de Carantoña, incluído no Plan Único da Deputación da Coruña, está valorado en 83.643 euros e levarase a cabo en dous tramos do camiño que une os lugares de Lameira e Os Castros.

A modernización dos parques infantís continúa en Bemantes



Estado actual do parque

O Concello adxudicou o proxecto para a renovación integral do parque infantil de Bemantes. A actuación dá resposta a unha demanda da Asociación de Veciños A Irmandade, que poderán contar así cunha infraestrutura totalmente renovada e mellorada para o uso e disfrute dos máis pequenos da zona.

A obra, que conta cun orzamento de 62.036 euros, está financiada a través do Plan Único da Deputación da Coruña. Os traballos que se levarán a cabo inclúen a substitución do valado perimetral, deteriorado polo paso do tempo, o cambio do chan por outro máis seguro, e a renovación dos diferentes xogos instalados.

A Senda dos Sentidos conecta xa co núcleo da Ponte do Porco

Ademais do novo tramo, o Concello renovou a pasarela de madeira da praia da Alameda

A Senda dos Sentidos continúa a ser un exemplo da recuperación medioambiental de espazos, conectando núcleos e fomentando a mobilidade sostible. Así, inaugurouse un novo tramo deste itinerario, que o conecta coa Ponte do Porco. A actuación, impulsada pola Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas, que a cualifica como a súa primeira Senda Ecoturística, realizouse nun tramo de 280 metros polo borde costeiro grazas á cesión dunha serie de parcelas privadas.

Para complementar este proxecto, o Concello executou os traballos de reparación da pasarela de madeira da praia da Alameda, substituíndo 150 táboas, 30 estacas e outros tantos dormentes, xa que nalgúns puntos a estrutura estaba deteriorada debido ao paso do tempo.



Inauguración da Senda Ecoturística da Reserva



Colocarase unha malla trek net na pasarela da praia da Alameda

O único parque acuático de costa da provincia estivo na Praia Grande



Instalación na auga

A Praia Grande contou cun novo atractivo este verán: un parque acuático, o único de costa na provincia da Coruña, instalado e xestionado pola empresa Ozean Park para o uso de todas as persoas maiores de 6 anos.

O acceso ao parque organizouse en quendas de media hora para garantir a seguridade e o desfrute de todos os usuarios e usuarias da praia. Ademais, a instalación estaba supervisada sempre por socorristas para solucionar calquera incidencia.

As praias de Miño presumen de calidade ondeando a bandeira azul en tres areais: Grande, Perbes e A Ribeira

Miño é recoñecido pola calidade dos seus areais. Este verán a ADEAC outorgou a bandeira azul ás praias Grande, Andahío (Perbes) e A Ribeira, recuperando a Praia Grande un distintivo que perdera hai oito anos.

Ademais, este ano tivemos tres sendeiros azuis: a Fraga dos Muíños do Río Xarío, a Senda dos Sentidos e a Senda das Marismas do Baxoi.



Izado na Praia Grande

O Concello insiste na urxencia de realizar unha remodelación completa do porto

Portos de Galicia rematou o concurso para realizar o dragado da dársena, un parche temporal

Aínda que é certo que a adxudicación, por parte de Portos de Galicia, do contrato para realizar o dragado do Porto de Miño é unha boa nova, desde o Concello consideramos que esta actuación é insuficiente e simplemente será un parche temporal que non solucionará o problema real que existe na dársena miñense.

Tal e como manifestou o goberno local en múltiples ocasións, incluso nas diferentes reunións mantidas con

Portos de Galicia, é precisa unha actuación máis ampla. A única solución real para que, anos despois de que se leve

a cabo o dragado, non volvamos a estar nunha situación idéntica á actual, con acumulación de sedimentos que

deixan inservible a dársena, é a execución dun proxecto que implique a remodelación completa da infraestrutura.



Estado actual da dársena

Novo mural no Camiño Inglés ao seu paso por Outeiro



O proxecto está impulsado pola Deputación da Coruña

A Deputación da Coruña inaugurou en Miño, no lugar de Viadeiro, un novo mural do Camiño Inglés. Esta iniciativa enmárcase dentro da II edición de 'Arte no Camiño'. O deputado

Antonio Leira e os concelleiros Catalina Morado e José Manuel Pantín presentaron a obra, que convida á introspección sobre o acto de camiñar, evocando o que queda por diante.

Reforzo da recollida de roupa cun novo colector

Co obxectivo de mellorar o servizo de recollida de roupa usada e facilitar que a veciñanza poida realizar as súas doazóns de forma cómoda e ordenada, o Concello reforzou o sistema municipal de reciclaxe téxtil. Comprobárase que o colector

situado na rúa Marismas quedaba pequeno debido ao gran volume de achegas da veciñanza. Para dar resposta a esta demanda crecente, instalouse un colector de maior capacidade, de ata 250 quilogramos, no mesmo punto na rúa Extremeiro.



Novo colector de reciclaxe textil na rúa Extremeiro

O Servizo de Atención Temperá de Leiro xa atende 35 nenos e nenas de 0 a 6 anos

Funciona de xeito conxunto para os municipios de Miño, Pontedeume e Vilarmador

A primeira planta do Centro Social de Leiro acolle, desde o mes de maio, o Servizo de Atención Temperá dirixido a nenos e nenas de 0 a 6 anos con necesidades especiais no seu desenvolvemento, ou en risco de padecelas, dos municipios de Miño, Pontedeume e Vilarmador.

A día de hoxe no centro aténdense 35 usuarios e



Visita dos alcaldes de Miño, Pontedeume e Vilarmador

usuarias grazas ao labor dun equipo profesional multidisciplinar composto por unha psicóloga, unha terapeuta ocupacional e unha logopeída. O servizo está operativo en horario de mañá e tarde de luns a xoves e só de mañá os venres.


Este programa, financiado pola Consellería de Política Social, ten como obxectivo detectar, previr e intervir en posibles trastornos do desenvolvemento infantil, ofrecendo un apoio integral e personalizado que favoreza a inclusión social dos menores e mellore o seu benestar.

Parabéns aos nosos centenarios: María del Carmen Porca Valiño, José Bañobre Cabana e Francisco Vázquez del Río

Neste 2025 tres veciños, María del Carmen Porca Valiño, José Bañobre Cabana e Francisco Vázquez del Río, celebraron en familia os seus máis de 100 anos. Os dous primeiros cumpriron 101 anos mentres que Francisco, o veciño máis lonxevo de Miño, cumpriu 102 anos. Manuel Vázquez Faraldo e a concelleira de Servizos Sociais, Yolanda Bello, entregáronlles obsequios de parte do Concello polo seu aniversario.



Familia de María del Carmen Porca Valiño



Francisco Vázquez del Río co alcalde



Familia de José Bañobre Cabana

A IV Feira da Cultura En

Durante os tres días de celebración, máis de 3.000 persoas participaron nas distintas actividades

A IV Feira da Cultura EnCaMiño pechou as súas portas cun éxito rotundo, logrando superar todas as marcas de asistencia e vendas. Durante os tres días de celebración, máis de 3.000 persoas participaron nas distintas actividades programadas, triplicando as cifras do 2024, cando se rexistraron 1.200 asistentes. En canto a vendas, a feira alcanzou a notable cifra de máis de 3.000 libros vendidos, fronte ao millar da anterior edición, un dato que confirma o crecente interese por esta cita cultural.

O público mozo tivo unha presenza destacada,

especialmente en actividades como o encontro 'Entre redes e novelas' coa actriz e influencer Rebeca Stones. Tamén foron moi celebradas iniciativas como a presentación itinerante

xunto a escenarios mariñeiros de Miño co escritor Xurxo Souto, así como o roteiro poético pola Fraga Do Xarío.


Durante o evento formalizouse o irmandamento coa Feria del Libro de Murcia e a Feria del

Libro de Santiago del Teide.

O goberno local agradece a colaboración de librerías, autores, clubs de lectura e do persoal municipal implicado na organización.

O Ministerio de Cultura destaca a relevancia do evento

A Feira da Cultura EnCaMiño recibiu unha subvención de 9.000 euros por parte do Ministerio de Cultura. Esta axuda, outorgada dentro da liña para a promoción da lectura e as letras españolas, só foi concedida a cinco concellos galegos. O organismo estatal destacou a relevancia e o interese cultural que ten a feira miñense para o fomento da lectura e o coñecemento das letras españolas, ademais da orixinalidade desta e o impacto que ten no fomento da lectura entre a poboación infantil, adolescente e moza.



EN CaMiño bate récords



FEIRA CULTURA EN CaMiño



Deporte e diversión para promover a conciliación estival

O Concello promoveu o campamento deportivo de verán e dúas iniciativas de conciliación en Xarío e Bemantes.

Como é habitual cada verán, centos de nenos e de nenas miñenses puideron gozar do campamento

deportivo de verán e dos de conciliación de Xarío e Bemantes. A través destas iniciativas búscase ofrecer unhas mellores condicións de conciliación ás familias durante o período de vacacións escolares de verán ao mesmo tempo que se promove un estilo de vida activo entre os máis pequenos do fogar.



Primeira das catro quendas que participaron nos campamentos deportivos

Xa está en marcha o programa Xuventude en Camiño 25-26



Participantes na praza do Obradoiro

Logo da parada estival, o programa Xuventude en Camiño volveu con máis forza que nunca. O pasado mes de outubro os mozos e mozas participantes puideron gozar da primeira actividade da vixente edición cunha saída ao parque megajump de Oleiros onde gozaron dunha mañá

chea de diversión. Xa en novembro, asistiron a unha nova xornada repleta de aventuras en Santiago de Compostela, onde ademais de asistir ao rocódromo tamén tiveron ocasión de visitar o seu núcleo histórico. O programa continuará ata o mes de maio con novas actividades.

Rica regresou a Carantoña da man do programa 'Vacacións en Paz'



Despedida no concello

Un verán máis, Rica, unha nena saharauí volveu estar xunto coa súa familia de acollida de Carantoña no marco do programa 'Vacacións en Paz', desenvolvido por SOGAPS.

A biblioteca recibiu doazóns de Antonio e Emilio Vila

A biblioteca municipal viuse enriquecida grazas á extensa colección de números de National Geographic doada por Antonio Vila González. En recoñecemento deste xesto, o Concello colocou unha placa no estante que alberga a colección na que

se lembra aos lectores o acto de altruísmo. Ademais, Emilio Vila tamén agasallou ao Concello coa maqueta feita polo escultor Alfonso Sanmartín, autor do monumento a Fernán Pérez de Andrade O Bo, situado en Ponte do Porco.



Acto de recepción das doazóns na biblioteca municipal

Melloras na biblioteca e no auditorio municipal

O Concello continúa a mellorar o equipamento do centro social da Rúa co cofinanciamento da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Con esta achega autonómica adquiríronse novos estantes e estores para a biblioteca, instaláronse cambiadores para bebés tanto nos baños de homes como nos de mulleres e incorporouse unha mesa de luces no auditorio.

Miño suma forzas para pedirlle á Xunta a construción dun instituto de secundaria

Alcalde e portavoces dos grupos con representación leron e asinaron unha declaración institucional

Miño puxo a primeira pedra do que pode ser o seu futuro instituto. O Concello aprobou unha declaración institucional en apoio á creación dun centro de Educación Secundaria, asinada polo alcalde Manuel Vázquez Faraldo e polos portavoces dos tres grupos con representación municipal, PSdeG-PSOE, PP e BNG. O texto, elaborado en colaboración coa ANPA do CPI Castro Baxoi, manifesta a preocupación compartida pola situación educativa no municipio e reclámalle á Xunta unha actuación urxente. Miño supera os 7.100 habitantes e conta con case 1.000 menores en idade escolar. O CPI Castro Baxoi, con máis de 570 estudantes, funciona dende hai anos ao



Momento da sinatura da declaración institucional

límite da súa capacidade, con espazos provisionais e ratios elevadas. Ademais, a ausencia de Bacharelato e FP obriga a uns 200 alumnos e alumnas a desprazarse a diario

a Pontedeume ou Betanzos. A corporación defende que esta situación é estrutural e só se resolverá cun novo IES que desconxestione o CPI, garanta ESO e Bacharelato

no municipio e permita ofertar FP adaptada á comarca. O Concello lembra que dispón de terreos municipais necesarios e pide á Xunta incluír o proxecto na súa planificación.

O Concello reclama diversas melloras no transporte escolar



Masificación no autobús a Betanzos

As desfavorables condicións nas que o estudiantado miñense se ve obrigado a desprazarse para cursar os seus estudos en Betanzos provocaron que o goberno local dirixise un escrito ao Servizo de Mobilidade da Xunta e á Valedora do Pobo solicitando ampliar a Ruta XG87101201 Vilamateo-Miño ata Betanzos e destinar en exclusiva ao uso escolar a Ruta XG87106501 Centro de Saúde Betanzos-Ponte do Porco-Miño 2. Dito documento foi entregado xunto con 336

sinaturas das familias afectadas por esta situación. Ademais, o Concello tamén lle solicitou á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta a creación de dúas paradas en Costa Miño, co fin de facilitar o acceso ao transporte do alumnado que estuda no CEIP de Andrade de Pontedeume e que a día de hoxe debe desprazarse en vehículo privado. Así, a administración local urxe melloras para garantir unha mobilidade segura, suficiente e adaptada ás necesidades das familias.

A Feira da Cebola Chata: Receita de éxito no verán

Centos de asistentes citáronse na grande exaltación dun dos produtos emblemáticos de Miño

Avixésimo cuarta edición da Feira da Cebola Chata de Miño reuniu numeroso público nunha xornada que reivindicou a importancia gastronómica e cultural deste produto identitario do municipio. O mercado tradicional, no que se ofreceron restras de cebola chata, hortalizas e artesanía, volveu ser un

dos grandes atractivos. A exposición "Chata de Miño: da semente á restrá", dirixida por Moriam Grimes, permitiu aprofundar no cultivo deste emblemático produto agrícola. A degustación popular consolidouse un ano máis como o momento máis agardado, con propostas que demostraron a versatilidade culinaria da cebola chata e a súa maridaxe cos viños da IXP Terra de Betanzos. Música, talleres infantís e as comidas populares, en colaboración coa AD Miño, completaron unha xornada que reafirmou o enorme valor da Cebola Chata para Miño.



O XIII Torneo de F-8 da AD Miño reuniu preto de 50 equipos

Os prebenxamíns da AD Miño fixéronse co primeiro posto da súa categoría

Foron un total de 48 os equipos que se citaron no campo de Gallamonde no pasado mes de xuño para participar na décimo terceira edición

do torneo de F-8 organizado pola AD Miño. A competición, unha das máis destacadas do fútbol base da comarca tivo como vencedores o Ánimas, en categoría benxamín, o Betanzos CF, en alevíns, mentres que na categoría prebenxamín o ouro quedou na casa grazas á fantástica actuación da AD Miño.



O equipo prebenxamin celebrando o primeiro posto

Éxito das actividades culturais e deportivas con 660 inscritos

O programa de actividades culturais e deportivas do Concello completou as 660 prazas ofertadas, confirmando un ano máis a grande acollida que ten esta ampla proposta de iniciativas nas parroquias miñenses. Entre as actividades incluídas destacan cursos de inglés, obradoiros de cerámica, sesións de contacontos entre outras alternativas, así como unha variada programación

deportiva destinada a públicos de todas as idades. As persoas maiores contan con opcións específicas para exercer a memoria e manter unha boa forma física. Ademais, o Concello reafirma a súa aposta pola inclusión mediante o programa Reforzando a inclusión, así como con clases de español para persoas estranxeiras e clases de galego para quen procede de fóra de Galicia.



Entrega de diplomas do curso 2024-25 da actividade 'Mestras da Costura'



Imaxe posterior á final entre o Galicia Mugardos e a AD Miño

O Trofeo Concello de Miño, última proba antes da tempada

O Galicia de Mugardos e o Eume Deportivo foron os rivais que tivo que enfrontar a AD Miño no Trofeo Concello de Miño, unha das últimas citas estivais antes do comezo da tempada. A dinámica do torneo seguiu o formato triangular, no que os tres conxuntos se enfrontaron entre si para disputar o título. Nos tres partidos o resultado final foi de 1-0, logrando dúas vitorias o Galicia de Mugardos,

unha a AD Miño e ningunha o conxunto eumés. Deste modo, foron os mugardeses, equipo histórico do fútbol galego, quen levantou o trofeo ao ceo de Gallamonde. O edil de Deportes, José Manuel Pantín, e o presidente da Federación Galega de Fútbol, Pablo Prieto, foron os encargados de entregar os premios aos participantes, recoñecendo o esforzo e a deportividade dos tres equipos.

A Praia Grande foi escenario da terceira edición dunha competida Regata Miño

Os deportistas do CDN Miño acadaron unha meritoria prata na proba puntuable no circuíto provincial.

Este foi xa o terceiro ano no que a Praia Grande acolleu a Regata Miño, convertida nunha das citas máis destacadas do IV Circuíto Deputación da Coruña de Piragüismo en Augas Tranquilas. A competición xuntou clubs de toda a provincia nunha xornada marcada pola emoción e un nivel deportivo cada vez máis esixente. O Club Ría de Betanzos impúxose na clasificación xeral, seguido polo CDN Miño e polo Club

Náutico Firrete. Na entrega de medallas participaron Manuel Vázquez Faraldo, o concelleiro de Deportes José

Manuel Pantín e o deputado provincial Antonio Leira, que puxeron en valor o esforzo das e dos padexeiros. O

evento reafirmou a Praia da Ribeira como un punto de referencia para o piragüismo provincial.



Deportistas do CDN Miño durante a entrega de premios

Ducias de nadadores déronse cita na XIX Travesía de Perbes



Nadadores no inicio dunha das probas realizadas

A XIX Travesía a nado Praia de Perbes 'Memorial Miguel Santos' congregou no areal ducias de participantes de todas as idades para competir nunha das probas máis arraigadas no

calendario deportivo estival miñense. O edil de Deportes, José Manuel Pantín, foi o encargado de entregar os trofeos deste evento organizado polo Club Marítimo de Perbes.

Deporte e mar da man no Campionato Galego de Caiac

O mar miñense converteuse no epicentro do caiac galego coa celebración, o pasado mes de outubro, do Campionato Galego de Caiac de Mar. A competición reuniu na Praia Grande a padexeiras e padexeiros das categorías xuvenil, sénior

e veterano, que participaron nas probas de K1 e K2. A cita, organizada polo CDN Miño, foi un éxito de participación e deixounos ata vinte podios. O alcalde e o concelleiro de Deportes foron os encargados de entregar os trofeos aos vencedores.



Acto de entrega de premios



Xogadoras da sección feminina do Alameda Xarío F.S.

Debuta o feminino do Alameda Xarío FS

O equipo feminino disputou o pasado novembro o primeiro encontro oficial da súa historia.

O 10 de novembro de 2025 é unha data que quedará para sempre marcada na historia do deporte miñense. Ese día, o primeiro equipo feminino do Alameda Xarío F.S. disputou o seu primeiro encontro oficial na Liga Xogade, materializando así o inicio dunha historia que enche de orgullo tanto o club como a

todas e todos os miñenses. O debut no parqué do polideportivo Juan Tenreiro non foi o soñado, xa que as xogadoras locais caeron por un axustado 3-4 fronte ás Escolas Deportivas de Irimón. Porén, o resultado foi o de menos: o que permanecerá na lembranza non será o marcador, senón os nomes de Nerea, Yanira, Lía, Nicol, Amaia, Paula, Antía, Aroa, Kloe, Clara, Fabiana, Sabela e Alejandra, as pioneiras que vestiron por primeira vez o escudo do Alameda Xarío F.S. nunha competición oficial.

O fútbol sala foi un dos grandes animadores deportivos do verán miñense coa celebración de dous torneos

Miño viviu un verán marcado polo mellor fútbol sala, cunha intensa actividade deportiva que encheu o pavillón municipal nas dúas competicións disputadas en xullo e agosto. Por unha banda, disputouse o XXXV Campionato Concello de Miño de fútbol sala, no que O Tuimil se proclamou campión tras impoñerse na final ao Demarsusa, mentres que Los Niños de Cacha completaron o podio cun meritorio

terceiro posto. Ademais, celebrouse a III edición do Torneo de Fútbol Sala Base de Verán, organizado polo Alameda Xarío FS no pavillón Juan Tenreiro. Un total de 13 equipos das categorías prebenxamín, benxamín e alevín participaron nunha cita chea de talento. Os títulos foron para o Alameda Xarío FS en prebenxamín e alevín, e para o 5 Coruña Fútbol Sala en categoría benxamín.



Entrega de premios do III Torneo de Fútbol Sala Base de Verán



Entrega de premios do Torneo Concello de Miño de Golf

Dous torneos consolidaron Miño como referente do golf

O golf tamén se sumou á diversa axenda deportiva de Miño. O pasado mes de agosto celebráronse dous eventos destacados: o Torneo Concello de Miño de Golf e o III Trofeo Mulleres

de Golf Miño, organizado pola entidade homónima. Ambas citas reuniron dúcias de golfistas procedentes de toda Galicia, consolidando Miño como un referente do golf na comarca.

Compota de mazá: O ingrediente máis doce da soliedariedade

A asociación Amas de Casa de Miño elaborou e doou 530 botes feitos coas mazás do pazo de Mariñán.

Como é tradición desde hai uns anos, as mulleres da Asociación de Amas de Casa de Miño deron mostra do seu espírito solidario mantendo viva a iniciativa de recoller mazás no Pazo de Mariñán, coa estreita colaboración da Deputación da Coruña. Posteriormente, elaboraron compota coa finalidade de doala á Cociña Económica da Coruña. En total, prepararon 530 tarros de 700 gramos cada un, o que supón a impresionante cifra de 371 quilogramos deste doce, destinados as persoas máis necesitadas. Manuel V. Faraldo acompañou ás participantes tanto na recollida da froita como na elaboración da receita e destacou o carácter solidario "que caracteriza desde sempre as integrantes das Amas de Casa de Miño e que da boa mostra do seu carácter altruísta".



Recollida das mazás no pazo de Mariñán



Acto de entrega dos 530 tarros de compota á Cociña Económica da Coruña

A nostalxia apoderouse das pistas de Rabazal



Presentación no Concello

As pistas de Rabazal convertéronse nun espazo idóneo para os afeccionados ao coleccionismo e ás pezas con historia. A I Feira do Xoguete Antigo e Coleccionismo reuniu figuras de Playmobil, videoxogos retro, bonecas, coches a escala e numerosos xoguetes clásicos que despertaron a nostalxia de grandes e pequenos. Pola súa banda, a XI Feira de Antigüidades, Coleccionismo e Vintage contou con expositores chegados de distintos puntos da xeografía estatal, ofrecendo medallas, reloxo, discos e unha infinidade de obxectos único.

A veciñanza de Miño subiuse ao 'Bus do Teatro' para gozar da mellor dramaturxia galega no Salón Teatro de Compostela

O 'Bus do Teatro' realizou unha parada en Miño para que ata 23 pasaxeiros puidesen viaxar a Santiago de Compostela e gozar da representación de 'A serie Clopen' no Salón Teatro. Durante a función, participaron nun espectáculo que mesturaba disciplinas tan diversas como acrobacias e música, ao tempo que convidaba á reflexión sobre os retos que afronta a xuventude.



A delegación desprazada a Santiago de Compostela

O legado de María Vázquez chegou á biblioteca municipal

Aurora Marco presentou en Miño o seu libro sobre a mestra de Miño asasinada no ano 1936.

Un acto de xustiza á memoria histórica reuniu a veciñanza miñense coa presentación do libro “María Vázquez, a mestra socialista eliminada polo franquismo”, da historiadora Aurora Marco. A obra rescata a vida dunha muller valente, pioneira na docencia e na política

galega, vítima da represión franquista, e recupera o seu legado que foi conservado polas súas alumnas e os seus descendentes e hoxe inspira as novas xeracións. O municipio foi escollido pola estreita vinculación da protagonista, que residiu e deu clase en Miño. Durante o acto, os asistentes puideron coñecer o proceso de investigación e escritura, compartindo emocións e lembranzas. María Vázquez defendeu a educación das mulleres, renovou a pedagogía e foi todo un referente do socialismo.



A edil de Cultura, Catalina Morado, e a autora, Aurora Marco, durante o acto



Asistentes á presentación

As carrilanas deron mostra da súa velocidade en Bañobre



Carrilana durante o descenso

A comisión de festas de Bañobre fixo posible que as carrilanas non faltasen á súa cita este verán e volveran lucir os seus peculiares deseños, ao tempo que demostraron unha velocidade sorprendente. As persoas participantes prepararon os seus bólidos con esmero para abraiar o público durante a baixada, facendo gala non só do seu bo gusto no deseño, senón tamén dunha grande habilidade ao volante.

O Nadal enche Miño de ilusión con numerosas actividades e a visita dos Reis Magos

A maxia do Nadal medra en cada recuncho de Miño grazas á ampla oferta de actividades impulsadas polo Concello para celebrar estas datas tan especiais. O tradicional acendido das luces marcou o inicio dunha programación deseñada para todos os públicos, cun

poboado de Nadal no parque da rúa, a visita de Papá Noel, o espectáculo Rilla, rilla de Xarope Tulú ou diversas saídas á pista de patinaxe da Coruña e á cidade de Vigo para gozar da súa recoñecida iluminación. O deporte tamén ocupa un lugar destacado, con xornadas

multideporte, a exhibición de ximnasia rítmica do CD Xarío e a segunda edición do Torneo de Fútbol Sala Base do Alameda Xarío F.S. Como é tradición, a chegada das súas Maxestades de Oriente pon o broche de ouro a unhas festas cheas de ilusión, cultura e deporte.



Acto de encendido das luces de Nadal

A Fraga do Xarío foi escenario dunha nova ruta 'terrorífico-literaria' da man de Fátima Elías

Os relatos de Fátima Elías alimentaron un paseo por unha Fraga do Xarío decorada para a ocasión.

Ducias de persoas disfrutaron este Samaín dunha nova edición da Ruta terrorífico-literaria, unha actividade xa habitual na programación cultural do Concello nestas datas e que cada ano suma máis adeptos. Debido ao éxito das edicións anteriores, este ano organizáronse dúas quendas diferentes para que tanto maiores como cativos puidesen acompañar a escritora Fátima Elías nun percorrido pola fraga do Xarío. Alí, ademais de camiñar entre a súa beleza natural e lucir os seus disfraces máis aterradores, tiveron ocasión de pasalo realmente de medo grazas aos aterradores relatos que ía compartindo a guía durante o traxecto.



Fátima Elías durante a ruta 'terrorífico-literaria'



Decoración propia do Samaín na Fraga do Xarío

O outono deixa aprendizaxe micolóxica e unha nova especie: o *clitocybe minoensis*



Participantes durante unha saída micolóxica

As persoas afeccionadas á micoloxía, así como aquelas que desexaban iniciarse ou ampliar os seus coñecementos sobre o mundo dos fungos, tiveron este outono a oportunidade de facelo da man das saídas micolóxicas organizadas polo Concello. Ademais, Miño pode presumir de ser o berce dunha nova especie: o *Clitocybe minoensis*, unha seta de cor laranxa ocre descuberta no ecosistema dunar da Praia Grande.

O festival Entes Animados celebra a súa sétima edición

A VII edición do Festival de Entes Animados chegou un ano máis ao parque da Rúa coa función de monicreques "A morte de Don Cristóbal", por conta da compañía francesa Pelele.



Función no parque da Rúa



Juan Tenreiro

*Fundador e adestrador
do Alameda Xarío FS*



Asistentes ao acto de nomeamento do pavillón municipal co nome de Juan Tenreiro

"O meu éxito é que me digan: Grazas a ti dedícome ao deporte"

Como cambiou o fútbol sala na localidade en todos estes anos?

Cambiou moitísimo, nos comezos non había practicamente nada, nin pavillón. Cando comezamos había moi poucos nenos e agora temos equipos en todas as categorías do fútbol base e este mesmo ano debutou o feminino. Os tempos tamén cambiaron, agora hai mellores infraestruturas e un maior coñecemento do xogo. Penso que se avanzou moito.

Como agarda que siga evolucionando nun futuro?

Pois particularmente penso que se debe medrar desde a base, temos que seguir facendo que os nenos e nenas se formen e que o pasen ben xogando. A xuventude de Miño e dos arredores ten que ser o pilar do futuro para seguir medrando. Tamén me gustaría volver a enganchar o público e o pobo non só co Alameda Xarío, senón con todos os clubs da localidade.

Logo dunha vida dedicada ao Alameda Xarío F.S., club que fundou, Juan Tenreiro foi homenaxeado antes de xubilarse, dando nome ao pavillón.

Que supón para vostede que o polideportivo municipal leve o seu nome?

Para min é unha alegría e un orgullo enorme. Levo traballando para o deporte miñense desde antes de que o pavillón abrise as súas portas por primeira vez, polo que ver como hoxe leva o meu nome é un grande orgullo. Recibín isto como un enorme recoñecemento ao meu traballo.

Logo de fundar e de vivir tantos anos ao carón do Alameda Xarío garda algún recordo en particular?

Moitos. Isto comezámolo desde cero un grupo de amigos, co paso do tempo fomos facendo deste soño unha realidade. Podo falar de viaxes, persoas... pero levo conmigo, máis que recordos soltos, toda esta fermosa traxectoria.

Que valores son fundamentais transmitir á mocidade a través do deporte?

Principalmente o compañeirismo e o desfrutar en todo momento do deporte

que practiquen. Para min, máis importante que todos os trofeos é que a día de hoxe un cativo me diga que adestreí a seu pai ou que un home me diga que fun o seu adestrador. escoitar que a xente che diga que grazas a ti dediqueime ao deporte é a maior das miñas satisfaccións.



Os máis pequenos e pequenas tamén quixeron homenaxear a Juan Tenreiro

Sentido adeus a dous ilustres miñenses



MANUEL


CASTIÑEIRA PICALLO

Neste 2025 despedimos con fondo pesar dúas

figuras inesquecibles da nosa localidade: o párroco Manuel Castiñeira Picallo e Juan Piñeiro Permuy. En agosto recibimos a triste nova do pasamento de Manuel Domingo Castiñeira, párroco de Miño durante máis de corenta e dous anos. Home próximo, xeneroso e sempre disposto a tender a man, deixou unha pegada fonda en toda a veciñanza. No ano 2022 foi distinguido como fillo adoptivo de Miño, en

recoñecemento a toda unha vida de entrega e servizo á comunidade.

Pouco despois tamén nos deixou Juan Piñeiro Permuy. Nado en Perbes, protagonizou unha dilatada traxectoria política, exercendo como conselleiro de Educación da Xunta e como presidente do Consello Escolar do Estado. Desde 1996 era, ademais, fillo predilecto de Miño. Ambos deixan un legado que perdurará para sempre na memoria colectiva.



JUAN

PIÑEIRO PERMUY

